

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A FUNDACIÓN BANCARIA CAIXA D'ESTALVIS I PENSIONS DE BARCELONA, "LA CAIXA", PARA A INSTALACIÓN DA EXPOSICIÓN "OBXETOS DE DESEXO. SURREALISMO E DESEÑO, 1924/2020", NA SALA 2 DO MUSEO CENTRO GAIÁS DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA formalizou o 24 de febreiro de 2022 coa FUNDACIÓN BANCARIA CAIXA D'ESTALVIS I PENSIONS DE BARCELONA, "LA CAIXA", o instrumento convencional arriba referido por unha duración prevista desde o día da súa firma ata o 10 de setembro de 2022, data límite para a realización íntegra das actuacións e cumprimento das obrigacións obxecto do presente convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A instalación e presentación da exposición "Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño, 1924-2020", na Sala 2 do Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura, que estará aberta ao público desde o **07 de abril ata o 28 de agosto de 2022.**



A Fundación “la Caixa” cede a exposición “Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño, 1924-2020”, á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, e os dereitos inherentes á exhibición da mesma, coa única finalidade de que se proceda á súa exhibición, na Sala 2 do Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia, durante as datas anteriormente referidas e asumindo plena responsabilidade respecto da utilización dos materiais expositivos obxecto da cesión.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, entidade cultural que carece de ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución, e que ten entre os seus fins a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural, móstrase interesado na recepción da citada exposición, valorando positivamente o contido da mesma e a súa idoneidade, para que poida ser visitada polo público no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia.

A posibilidade de exhibir a exposición “Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño, 1924-2020” supón celebrar no Ano Xacobeo 21-22 unha actividade de gran repercusión cultural. Dentro dos obxectivos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, atópase o servir de canle para coñecer e poñer en valor a cultura galega, así como outras manifestacións culturais a nivel internacional.



Neste senso, esta mostra coorganizada pola Fundación “la Caixa” e o Vitra Design Museum, é un diálogo entre obxectos de deseño e obras de arte que poñen de manifesto ricos paralelismos e conexións entre ambas disciplinas dende fai un século, co rigor científico dunha institución de referencia mundial como é o Vitra Design Museum.

Pola súa parte, FUNDACIÓN BANCARIA CAIXA D’ESTALVIS I PENSIONS DE BARCELONA, “LA CAIXA, é unha entidade sen ánimo de lucro adicada a fins de interese xeral, principalmente ao fomento e desenvolvemento de obras sociais, benéficas, asistenciais de investigación, docentes e culturais.

Ten por **misión** construír unha sociedade mellor e máis xusta, dando oportunidades ás persoas que máis o precisan, cos **valores** de excelencia, confianza e compromiso social que lle acompañan dende os inicios. Todo isto, coa **visión** de ser unha entidade de referencia para a sociedade no desenvolvemento de solucións duradeiras que cubran as necesidades básicas dos colectivos máis vulnerables; que favorezan o progreso social respostando aos novos retos na investigación, a formación de excelencia e a educación, e que acheguen a ciencia e a cultura a sociedade.

A Fundación A Caixa ostenta os dereitos propios e os cedidos por Vitra Design Museum para a itinerancia e exposición de “Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño, 1924-2020” , na Cidade da Cultura de Galicia" que cede de balde para a súa difusión.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

*Ana Isabel Vázquez Reboredo*

*Directora Xerente*

*Fundación Cidade da Cultura de Galicia*

